

# **PROGRAMACIÓN**

## **ERE**

**Profesora: TAMARA M<sup>a</sup> CASAL MALAQUÍAS**

## ÍNDICE

1. Introducción e xustificación .....	3
2. -Aportación da relixión evanxélica ás competencias básicas	
3. Organización da programación .....	11
-Obxectivos xerais da área de Relixión Evanxélica	
-Contidos	
4. Educación en valores .....	11
5. Plans e Proxectos.....	13
6. Metodoloxía .....	15
-Metodoloxía	
-Organización espacial	
-Recursos	
7. Atención á diversidade .....	18
8. Avaliación.. .....	19
9. Secuenciación das unidades diácticas.....	23

## 1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

A formación relixiosa evanxélica pretende contribuír á formación integral do alumno.

É propio do ensino relixioso a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte dende a infancia. Nesta idade, tan importante para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe. O sentido transcendente da vida está enraizado no máis fondo do ser, e o neno pode recoñecelo, segundo os niveis de aprendizaxe propios de cada idade, nos símbolos e nos signos do seu medio, nas experiencias relixiosas dos seus maiores, na cultura que se transmite na escola.

Non podería existir unha formación integral se non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente. O ensino relixioso pretende contribuír así á calidade da educación que preconiza a lei vixente, coa proposta e co desenvolvemento dos coñecementos, valores e actitudes que conforman o currículo do ensino relixioso evanxélico.(A Resolución do -3 de Xuño de 2015,da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial ,pola que se publica o currículo da ensinanza de Relixión Evanxélica da Educación Primaria, establece os mínimos nos que nos basearemos.)

O ensino relixioso evanxélico pretende achegar ó alumnado ás claves principais da fe cristiá, axudarlle a descubrir esta experiencia no seu medio, e a que el mesmo desenvolva as súas facultades de expresión e se inicie nos elementos primeiros que facilitan a comunicación con Deus. A síntese da mensaxe cristiá que se presenta no currículo fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento, e contribúe tamén ao desenvolvemento de destrezas e de habilidades que se exercitan nos tres ámbitos de experiencia enunciados. Para iso, este currículo vólvese dos elementos cristiáns presentes no medio do alumno, da linguaxe e doutros recursos que fan posible a comprensión da experiencia relixiosa axeitada a

cada idade.

Atopámonos, nesta programación, o desenvolvemento dos contidos previstos que se vertebran en torno a seis bloques, que citaremos máis adiante no apartado de contidos.

Queremos sinalar finalmente (aínda que nos referiremos de novo a isto no apartado da metodoloxía) que dependendo dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas en cada nivel, e baseándonos nos principios constructivistas verbo da educación, partiremos dos seus coñecementos para construír os novos.

Por esta razón, , adaptarémonos, en todo momento, ao nivel psicoevolutivo dos alumnos.

Atemporalización será flexible, xa que se nalgunha das unidades, pola razón que sexa non nos da tempo a rematar, ampliariamos o tempo; sempre tendo en conta as necesidades e o desenvolvemento do alumnado.

## 2- APORTACIÓN DA RELIXIÓN EVANXÉLICA ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Entendemos como competencias clave aqueles “desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais” e que “*sustentan a realización persoal, a inclusión social e a cidadanía activa*”. Partindo desta definición, podemos falar de aprendizaxe cooperativo rexeitando o competitivo nas nosas intervencións educativas.

Reflexionamos brevemente a continuación sobre o que aporta a Ensinanza Religiosa Evanxélica (ERE) a cada unha das competencias básicas:

Segundo a LOMCE, para 2º,4º,6º:

O Ensino de Relixión Evanxélica ha de perseguir que todos os alumnos adquiren coñecementos, desenvolvan destrezas e habilidades e manifesten actitudes propias de cidadáns responsables e críticos, capaces de coñecer a realidade, interpretala, actuar nela, resolver situacións problemáticas,... desde

a fase da fe cristiá.

Neste sentido, na definición de todos os elementos do currículo de ERE para a Educación Primaria garantiuse que o ensino desta materia contribúe o desenvolvemento de: a.- Competencia en comunicación lingüística.

b.- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. c.- Competencia dixital.

d.- Competencia para aprender a aprender.

e.- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. f.- Conciencia e expresións culturais. g.- Competencias sociais e cívicas.

### **A.- Competencia en comunicación lingüística**

A competencia en comunicación lingüística é unha prioridade do Ensino Relixioso Evanxélico. En primeiro lugar polo papel central que ten a Biblia como fonte e como obxectivo de aprendizaxe do alumnado. O Evanxeo é esencialmente comunicación da mensaxe verbalizado e encarnado pola persoa histórica de Xesucristo. Ademais na definición do currículo tívose especial coidado en que o alumnado desenvolva habilidades comunicativas propias de todas as destrezas de comunicación, de maneira que ademais de ler e escoitar mensaxes por distintas vías e en distintos contextos, de maneira crítica e pondo en xogo as máximas cotas de comprensión posibles, preténdese tamén que comunique o seu propio pensamento, de maneira oral por escrito, e poña en marcha procesos de exposición, comparación e argumentación, entre outros, propios dun cidadán lingüisticamente competente.

### **B.- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

O Ensino Relixioso Evanxélico contribúe ao desenvolvemento por parte do alumnado de habilidades para ordenar cronoloxicamente e traballar secuencias, tanto da historia do pobo de Israel e da propia igrexa como de feitos concretos e da súa propia vida. O coñecemento da Biblia e a súa estrutura e a capacidade para buscar textos con distintos criterios implica tamén o logro de habilidades de ordenación e secuenciación polo alumnado. Contribúe igualmente ao achegamento á ciencia desde unha perspectiva cristiá, con vontade de coñecer o mundo creado por Deus e de participar de xeito activo no seu coidado. Favorece tamén a aceptación e uso da tecnoloxía

no coñecemento da contorna, no seu coidado e mellora e na relación entre persoas.

### **C.- Competencia dixital.**

Ao abordar o proceso de ensino de Relixión Evanxélica ha de terse en conta que a relevancia da vinculación das aprendizaxes previstas coa competencia en comunicación lingüística non implica o uso en exclusiva dos medios de comunicación tradicionais. Preténdese estimular a capacidade para comunicarse por medios dixitais mediante propostas diversas e metodoloxías facilitadoras da aprendizaxe dixital simultáneo. Iso

implica o uso das tecnoloxías da información e a comunicación en situacións de procura de información, de análise desta, de comunicación de contidos e de creación e difusión de mensaxes integrando formatos verbais e non verbais dunha maneira adecuada á intencionalidade de cada unha das situacións. Deste xeito á vez que o alumnado adquire os contidos relevantes do Ensino Relixioso Evanxélico, definidos no marco deste currículo, desenvolve habilidades de competencia dixital útiles tamén noutras áreas ou situacións da súa propia vida.

### **D.- Competencia para aprender a aprender.**

Mentres cursa Ensino Relixioso Evanxélico, igual que mentres cursa o resto das materias do currículo de Educación primaria, o alumno e alumna desta etapa utiliza técnicas de traballo diversas que melloran facilitan a súa competencia para aprender de xeito cada vez máis eficaz. Iso implica, entre outras habilidades, as necesarias para realizar investigacións sinxelas; planificar a aprendizaxe e a investigación atendendo ás súas distintas fases; elaborar esquemas, resumos, fichas de contido, presentar os traballos de xeito adecuado; suscitar interrogantes, incluíndo os de tipo ético e transcendente; buscar e analizar de xeito crítico información en fontes bíblicas e extra bíblicas; desenvolver estratexias para a memorización eficaz.

En síntese, o Ensino Relixioso Evanxélico axuda ao alumnado a aprender a aprender grazas ao desenvolvemento dunha progresiva autonomía, motivación de alumnado e docentes, e esforzo responsable coa aprendizaxe.

### **E.- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.**

Desde o Ensino Relixioso Evanxélico suscítase unha aprendizaxe activa do alumnado de maneira que participe activamente nas situacións que se suscitan no aula e noutras análogas propias do contexto en que vive. A iniciativa e espírito emprendedor neste ámbito teñen que ver co afianzamento da súa fe, ata en situacións en que esta lle diferencia do grupo, coa participación na defensa da Escritura e coa comunicación en convivencia dos valores cristiáns a outros. De igual modo é fundamental que o alumnado identifique situacións en que poida contribuír a mellorar a situación das persoas e da contorna e adopte decisións que faciliten dita mellora. En ningún caso ha de entenderse a iniciativa e o espírito emprendedor os alumn@s de Ensino Relixioso Evanxélico como illada ou individualista senón que se lle ha de formar tamén na adopción de decisións e iniciativas colectivas, a construción de consensos, o traballo en equipo e a resolución compartida de problemas.

### **F.- Conciencia e expresións culturais.**

O Ensino Relixioso Evanxélico aporta ao desenvolvemento da competencia artística do alumnado tanto no que esta ten de comprensión da cultura desde a óptica da fe cristiá como á expresión desta mediante linguaxes artísticas diversos. No primeiro sentido a comprensión da Escritura, da historia da igrexa, e das manifestacións culturais e artísticas que ambas xeraron é unha dimensión relevante da sinatura. En canto á expresión, a comunicación da propia aprendizaxe, dos valores cristiáns, de diversos aspectos de contido bíblico, entre outros, ha de facerse con linguaxes expresivos diversos, sen renunciar ao valor estético e coa suficiente dose de autonomía por parte do alumnado ao conxugar de xeito persoal a mensaxe e a forma en que o transmite.

### **G.- Competencias Sociais e Cívicas.**

Os alumn@s que cursan Ensino de Relixión Evanxélica desenvolven simultaneamente as habilidades propias da convivencia nos grupos aos que pertence, desde a súa propia familia, o grupo de iguais, os grupos escolares e os establecidos nas comunidades e igrexas en que participa. Neste sentido a convivencia implica o coñecemento destes grupos e das relacións que se establecen entre os seus membros, a súa participación nos mesmos mediante

o desenvolvemento dos roles específicos de pertenza, a identificación, colaboración, comprensión dos outros e participación activa para o seu desenvolvemento. Implica así mesmo a participación en situacións de diálogo e argumentación, a comprensión da propia historia persoal e do grupo e a identificación de situacións en que a súa propia achega é relevante.

Neste sentido, o Ensino Relixioso Evanxélico na súa contribución ao desenvolvemento integral do alumnado que cursa Educación Primaria, facilita a súa educación social non só no marco específico da actividade relixiosa, senón en todas as situacións que se lle suscitan na súa formación e crecemento como cidadán socialmente comprometido e responsable.

### **3.ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

#### **3.1 EDUCACIÓN PRIMARIA: OBXECTIVOS DA E.R.E**

✍ Os obxectivos xerais para a etapa de educación primaria en Relixión Evanxélica son:

- Tomar conciencia da existencia de Deus o Ser Supremo, que está interesado en cada ser humano dunha forma persoal.
- Identificar as orixes da liberdade e dignidade de tódalas persoas nas relacións cos seu semellantes, como seres creados por Deus.
- Apreciar a Biblia como o libro por medio do cal Deus ha revelado ó ser humano a súa vontade e propósito para a humanidade.
- Coñecer a persoa de Xesúscristo. a súa vida, a súa obra e a súa mensaxe de salvación.
- Valorar a vivencia das primeiras comunidades cristiás como modelo de expresión do amor fraterno e convivencia da familia da fe.
- Analizar as actitudes e valores dos personaxes bíblicos utilizando a información transmitida pola Biblia para hincar a formación do seu propio sistema de valores.
- Coñecer e valorar o seu corpo, creado por Deus, adoptando unha actitude responsable cara a si mesmo, sabendo usalo como instrumento de comunicación e relación adecuado cos demais seres humanos.
- Respetar e valorar a contorna natural como creación e manifestación



do poder e o amor de Deus.

- Valorar a familia como mostra do amor de Deus, lugar onde desenrolar as súas responsabilidades e de adquisición das primeiras creencias, examinando diversas familias da Biblia.
- Expresar a súa relación con Deus e o seu coñecemento bíblico na situaciónshabituais do seu entorno.

### **3.2 CONTIDOS**

Como xa dixemos esta área vertébrase en 6 contidos que son:

- |  |                             |
|--|-----------------------------|
| 1-Deus ámanos                                    | 4-O pobo e Deus.            |
| 2-A Biblia                                       | 5-O mundo que Deus creou.   |
| 3-Xesucristo, único mediador e exemplo a seguir. | 6-A familia e as relacións. |

### **4. EDUCACIÓN EN VALORES**

A EDUCACIÓN EN VALORES está inserida ó longo de todos os contidos traballados, de forma global, atravesando toda a programación.

Achegando ao alumnado ós aspectos necesarios para entrar en contacto coa realidade dunha sociedade plural e cambiante, por iso darei moita importancia a educación en valores, que según a Loe e o Decreto 130/2007, debe estar presente en todas as áreas (*“Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas... a educación en valores traballarase en todas as áreas.”*).

Educación nos valores non é, soamente, unha dimensión da aprendizaxe a ter en conta no proceso educativo, é un dos factores básicos que determinan a calidade do ensino.

Por tanto, non se presenta como obsesión nin como imperativo que se forza a «meter con calzador» esas ensinanzas que deben percorrer todo currículo. Máis ben porque cremos na potencialidade educativa desas

ensinanzas, a nosa preocupación por elas fixo que estiveran presentes en todo o proxecto como «atmosfera» que envolve toda a proposta educativa. Pensamos que, así contempladas estas ensinanzas, é como realmente se poden converter en significativas e a súa aprendizaxe levar os nenos e as nenas a vivir de forma natural conforme a esas aprendizaxes.

Así pois, o noso obxectivo é que sexan algo máis ca cuestións tratadas puntualmente. Igual que ocorre coa aprendizaxe das actitudes e das normas, cremos que, sobre todo, esta se realiza non só mediante unhas determinadas actividades, senón moi especialmente a través do como se realizan esas actividades e mediante as relacións interpersoais e afectivas que se establecen no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Dado o carácter especial desta área; o tratamento e integración da Educación en Valores nas diferentes Unidades Didácticas será relativamente máis fácil que noutras áreas; e por iso intentaremos que cada unha delas intégrease nas sesións que teremos cos nenos e nenas.

A metodoloxía utilizada tamén permitirá saber cal é a opinión que teñen os alumnos sobre cada un destes temas, para que o mestre poida construír en base á concepción que eles teñan sobre estes; tomando como referencia primordial e única o enfoque bíblico.

En realidade, durante case que todo o desenrolo da asignatura estamos traballando continuamente a educación en valores, pero aproveitaremos especialmente os días nos que o centro programe actividades especiais adicadas a un determinado tema transversal para apoiar dende a aula un traballo específico ó redor del.

## **5-PLANS E PROXECTOS**

### **5.1 TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA**

A nosa área baséase fundamentalmente no estudo e análise de textos bíblicos. Se ben isto non se fai de xeito exclusivo, e certo que conta cun peso moi importante neste eido. Poderíamos dicir que á área en si mesma fomenta a

lectura.

Montaremos unha pequena Biblioteca con libros sobre historias bíblicas, de investigación, mapas, etc. e tamén contos relacionados coa materia.

Na biblioteca tamén está o baúl sorpresa, que esconde títeres, e outros elementos que permitirán escenificar as diferentes historias.

Presentaremos a biblioteca de aula como espazo de dinamización do proceso ensino/aprendizaxe, que nos axuda a traballar aspectos como colaboración, investigación, descubrimento, comparación, etc. Pero, ademais de dinamizadora é útil como fonte de motivación cara á lectura ou a escritura, xa que nela atopápanse libros variados e atractivos.

Dende a área de relixión, temos presente en todo momento que ler estimula a imaxinación e axuda ó desenvolvemento do pensamento abstracto. Ler é descubrir, coñecer, polo que debemos presentarlle a lectura como algo divertido para que eles mesmos se decaten de todas as cousas que poden descubrir lendo.

## **5.2-TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC**

Vemos a importancia que se lle concede as TICs como recurso de gran valor educativo, polo que debemos usalas co obxectivo de que acaden unha competencia dixital que lles permita usala con éxito nos diferentes contextos (escolar, familiar e de lecer).

As TICs están presentes na aula, temos un ordenador que forma parte da biblioteca de aula, e é un medio máis que se debe integrar cos recursos tradicionais, xa que serve para pintar, escribir, consultar datos, imaxes, ver vídeos, etc.

Utilizaremos diferentes recursos en formato dixital, xogos en rede, etc. e utilizaremos a pizarra dixital en algunhas explicacións, xa que é moi atractiva e funcional.

Por tanto, o uso das TIC estarán moi presentes nesta área de dous xeitos fundamentais:

#### **\* Emprego das TIC como Recurso Didáctico.**

O mestre as utilizará para o desenvolvemento da súa actividade docente e, concretamente, na exposición de varios temas utilizando Power Point ou outros programas de presentación de diapositivas e materiais audiovisuais.

Por outra banda e de xeito específico, visionaranse películas referidas ós diferentes temas que nos ocupen utilizando as TIC.

#### **\* Utilización de Internet.**

Este recurso será utilizado para visualizar páxinas propostas polo mestre para completar, reforzar e/ou ampliar os coñecementos adquiridos na aula. Entendemos que o uso de internet debe ser guiado polo mestre e encamiñado a unha coidadosa selección da información.

### **5.3-TRATAMENTO E CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA**

Na área de Relixión evanxélica este apartado trabállase en cada momento, xa que é de suma importancia e relevancia mostrar ós nenos como convivir en paz e harmonía, en amor e cariño entre eles, respetándose uns os outros, agás de seren de diferente relixión, raza, cultura, cor...

E tamén, traballamos contribuindo coas diferentes propostas que deste plan nos propoñen: manter limpos os baños e o patio coa garda de limpeza, e diferentes actividades ó longo do curso...

Neste centro os plans de traballo están conectados, xa que nalguna semana especial trabállase conxuntamente entre eles.

## **6. METODOLOXÍA**

### **6.1-METODOLOXÍA:**

A metodoloxía procuraremos que sexa activa e global. Coa incorporación das competencias básicas ao currículo pretendemos que o alumnado integre as súas aprendizaxes relacionándoas con diferentes tipos de contidos (conceptos, destrezas e actitudes), usar eses contidos con efectividade e aplicarlos a situacións e contextos variados.

Estes son algúns principios nos que procuraremos basear o traballo:

1. Partir dos coñecementos previos do alumnado e telos moi en conta como referencias no momento de formular obxectivos, contidos ou deseñar actividades.

2. Asegurar a construción da aprendizaxe significativa asegurando así a súa interiorización comprensiva e a súa funcionalidade.

3. Promover a actividade do alumno: procurar que participe activamente potenciando a súa autonomía e que sexa protagonista da súa aprendizaxe.

4. Contribuír ao desenvolvemento da capacidade de aprender a aprender: tendo sempre presente a necesidade de garantir aprendizaxes funcionais.

5. Traballar da forma máis globalizada posible.

6. Crear un clima de seguridade e confianza no que o alumnado poida desenvolver e construír un autoconcepto positivo.

7. Potenciar a aprendizaxe individualizada e socializada: atendendo á súa individualidade, sen esquecermos de potenciar o traballo cooperativo.

8. Favorecer a colaboración coas familias

9. Potenciar o carácter lúdico das actividades: É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa. Traballar e aprender é divertido.

10. Principio de creatividade: potenciar a imaxinación tanto ou máis que a memoria, co fin de que poidan adaptarse as novas situacións e avances sociais e tecnolóxicos.

No traballo na aula, adaptándonos as diferentes idades, utilizaremos diferentes actividades que se aplicarán a cada unidade:

1. Actividade motivadora: Traballarase a partir dunha historia e/ou dunha canción. A historia axudarannos, partindo da experiencia próxima dos nenos e das nenas, a motivalos de acordo co contido arredor do cal se desenvolve a Unidade.

Con esta ficha pretendemos:

- Que os nenos e as nenas se sintan atraídos polo que se vai aprender,

ver e facer ao longo da Unidade.

- Que lembren o que saben ou viviron respecto ao tema sobre o que trata a Unidade.
- Que expresen cantas experiencias cremos que nos poden ser útiles para traballar a dimensión relixiosa.

2. Actividade de dimensión relixiosa: Nela pretendemos que descubran os contidos básicos do cristianismo. Queremos que relacionen estes contidos coa súa experiencia humana. A partir da ficha ensinaremoslles oracións pequenas ou versículos axeitados á súa idade, que contribúan a formar unha primeira síntese de fe.

3. Actividade de experiencia humana: Nesta ficha preténdese que descubran situacións, realidades e vivencias próximas á súa realidade en que é posible vivir os valores e as actitudes aprendidas na ficha de dimensión relixiosa.

4. Actividades de síntese: É nesta ficha cando realizamos a síntese do aprendido e relacionamos todo o que se viviu e coñeceu co que aprendemos de Xesús. Nela desexamos que os nenos, ao seu nivel, se sintan atraídos por vivir segundo uns valores, que descubran a importancia de asumir, pouco a pouco, normas de convivencia e que aprendan a ter unhas actitudes acordes coa mensaxe de Xesús, que, igual ca eles e ca elas, foi neno.

5. Manualidades: relacionada co aprendido en cada unidade, para que de forma sinxela e moi visual recorden o principal de cada lección.

6. Actividades de recuperación e reforzo: Farase ó longo do curso dependendo do que necesite traballar o alumnado.

7. Actividades complementarias e extraescolares: contribuiremos á decoración de diferentes días ou semanas especiais no centro (día do neno, onadal, semana da prensa...) facendomuraisou actividades propostas por outros plans (plan tic, plan de convivencia...) ou da Biblioteca...

## **6. 2- RECURSOS**

### **Recursos Humanos:**

O traballo do profesor no aula con exposicións, propostas de actividades, atención individualizada,etc.

### **Recursos Materiais:**

- Música e cancións.
- Bibliografía: Nenos da Biblia, relatos curtos,etc.
- Encerado.
- Fichas de traballo
- Franelograma.
- Escenario e equipo de Sombras Chinesas.
- Escenario e equipo de Monicreque.
- Medios Audiovisuais (Vídeo, DVD e Televisión, Proxector de Diapositivas, Ordenador, Internet,etc.).
- Libros de consulta (Concordancias, Atlas, Comentarios, Dicionarios Bíblicos,etc.).
- Materiais varios de manualidades (tesoiras, pegamento, lapis de cores,etc.)

O principal libro de texto que utilizarán os alumnos, e que tamén servirá como guía do profesor será a Biblia

## **6.3-ORGANIZACIÓN ESPACIAL**

A aula de Relixión evanxélica que dispoñemos é compartida con outro curso que teñen especificidade nesas sesións,nos sentamos todos xuntos en grupos. E dispoñemos de encerado e tamén dun taboleiro...

## **7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Traballaremos coordinadamente có departamento de orientación, e especificamente coa aula de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, nos casos concretos que se presenten.

Actuaremos de acordo coas medidas que se establezan de atención á diversidade de xeito construtivo favorecendo o desenvolvemento dun proceso de

ensino-aprendizaxe óptimo en función das capacidades do alumnado.

Concretamente, faremos as necesarias regulacións nos contidos para que estes poidan ser acadados polo alumnado.

Cabe destacar aquí, que o feito de que a ensinanza relixiosa evanxélica sexa unha asignatura máis nos centros educativos fai que a diversidade protestante do noso país se sinta moito menos excluída do que historicamente ven sendo.

Aínda existen certos prexuízos, pero o feito de estar presentes converte este aspecto diferencial nalgo normalizado. Nos centros coma este onde se recoñece unha realidade minoritaria pero cun percorrido histórico sulíñable, estanse dando pasos de cara a unha interculturalidade real de xeito moi práctico e efectivo.

## **8.AVALIACIÓN**

### **8.1 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Dado o carácter especial desta materia, que sobre de todo se basea en termos actitudinais, a avaliación non pode ser entendida en termos cuantitativos, senón cualitativos.

De todos os xeitos, entendemos que o carácter cuantitativo do contexto académico no que nos atopamos require que o alumno sexa cualificado cuantitativamente.

Para a obtención dunha determinada nota non nos basearemos nos termos actitudinais, senón nos conceptuais e procedimentais . A resposta actitudinal do alumno de acordo coa ética cristiá é totalmente libre e ninguén (excepto Deus) pode avaliala.

Partiremos dunha **avaliación inicial** na que observaremos o estado no que se atopa o alumno ou alumna.

Posteriormente, realizaremos unha **avaliación do alumno continua** e formativa, con diarios de clase, con análises do caderno de aula e producións, con controis e revisións das tarefas propostas na programación do aula, como un dos medios de información do grao de progresión na adquisición de coñecementos e expresión dos mesmos. Utilizando estes diferentes



instrumentos coñeceremos de unha maneira real o que sabe o alumno e o que non sabe respecto de cada un dos estándares de aprendizaxe e así, poder valorar o nivel de logro alcanzado por cada un deles.

Devandito labor, tamén servirá de fonte de información para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe, sendo outros dos factores a ter en conta:, a adecuación ou non dos contidos, a metodoloxía e os recursos utilizados na labor docente.

Finalmente faremos unha **avaliación final**, realizada ao termo do proceso, para comprobar o conseguido e o que debería de mellorarse de cara ao futuro, con vistas ao proceso seguinte. Esta avaliación final é á súa vez sumativa, é dicir, permítenos coñecer o grao de capacidade e de dificultade con que o alumno vai percorrer o seguinte tramo do proceso educativo: unidade, ciclo, etapa.

A avaliación levarase a cabo por medio de porcentaxes:

- 1-Esfuerzo e motivación-----20%
- 2-Comportamento-----10%
- 3-Caderno de clase-----30%
- 4-Estándares de aprendizaxe---20%
- 5-Probos de control-----20%

A nota de AVALIACIÓN TRIMESTRAL e de AVALIACIÓN FINAL recollerase coa seguinte nomenclatura:

- In - Insuficiente (avaliación negativa); menos de 5 puntos.
- Sf - Suficiente (avaliación positiva); 5 puntos.
- Bn – Ben (avaliación positiva); 6 puntos.
- Nt – Notable (avaliación positiva); entre 7-8 puntos.
- Sb – Sobresainte (avaliación positiva); entre 9-10 puntos.

## **8.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Ler textos bíblicos, seleccionados polo profesor, captando o sentido xeral dos mesmos, e resumir as principais ideas expresadas acerca de quen é e como é Deus, comparándoas coas ideas que outras persoas teñen acerca del.

2. A partir de observacións do mundo natural, dialogar sobre os detalles e características do contorno natural que manifestan a forma de ser de quen o creou, contrastándoo co xeito en que a Biblia móstranos a Deus como Creador e plasmando os resultados do diálogo (escritos, murais, debuxos).

3. Identificar, analizar e memorizar diversos textos bíblicos que presentan ás Escrituras como medio polo cal Divo revelou ao ser humano a súa vontade e propósitos para a humanidade, explicando -de forma oral ou por escrito- o significado dos mesmos.

4. Utilizar a Biblia para achar resposta a interrogantes que se expón na vida cotiá, resumindo os seus achados e comunicándoos a outros compañeiros e compañeiras de clase.

5. Mediante o estudo de pasaxes dos Evanxeos, identificar os principais feitos da vida de Xesús, elaborando a información recolleita (debuxos, murais).

6. Apreciar o amor que Deus lle ten ao home dende a natureza e a súa presenza xunto a nós.

7. Identificar e distinguir as ideas básicas que resumen a mensaxe de salvación que Xesús proclamou, expresando por medio de diversas linguaxes (oral, escrito, corporal, plástico ou musical) os seus pensamentos e sentimentos ante a mensaxe de Xesús.

8. Comprender que Cristo mostra o seu amor por nós presentándose como camiño para chegar a Deus, morrendo por nós, perdoándonos e enviándonos o seu Espírito.

9. Realizar, coa axuda de profesor unha sinxela investigación sobre a persoa de Xesús (quen é, cando naceu, onde e como viviu, quen dicía ser, como morreu, onde está agora).

10. Explicar por que como ser humano- tanto a súa persoa como o seu corpo- ten un valor incalculable e merece ser coidado e respectado.

